



O Congreso anual da European Dairy Farmers, por primeira vez en España

O Palacio de Congresos de Santiago de Compostela acollerá os vindeiros 26, 27 e 28 de xuño o Congreso anual da European Dairy Farmers (EDF), un club de gandeiros pertencentes a 22 países europeos que se reúnen anualmente para compartir a información das súas propias explotacións e comparar os diferentes modelos produtivos. O presidente da EDF España, Xusto Sánchez, e o coordinador do Congreso, Pablo Carro, cóntannos as súas experiencias e vantaxes como membros e os obxectivos deste vindeiro encontro.



Xusto Sánchez Varela
Presidente da EDF España

► “A FILOSOFÍA É COMPARTIR DATOS E APRENDER DAS FORTALEZAS E DEBILIDADES QUE TEN CADA EXPLOTACIÓN”

Que é a European Dairy Farmers?

EDF é un club de gandeiros europeos de produción de leite que compartimos ideas, experiencias e os nosos custos de produción e que nos reunimos unha vez ao ano nun congreso para falar de todo isto e outras temáticas de actualidade. A día de hoxe somos un total de 470 membros.

Cando se creou a EDF e con que filosofía?

A EDF creouse en 1990 en Inglaterra e logo seguiu xestionando dende un organismo de Alemaña. A filosofía é compartir datos e aprender das fortalezas e debilidades que ten cada explotación.

Cal é o perfil común dos membros do club?

O común a todos os membros do club é o denominado *open mind*, as mentes abertas para dar e recibir a información. A principal característica quizais sexa esa xenerosidade para dar datos tanto de explotacións que teñen 40 vacas como doutras que teñen 4.000, de granxas intensivas e doutras menos intensivas, ecolóxicas... Hai moitas diferenzas entre países, pero compartimos esa filosofía, que é o corazón do club.

Outra das características é tamén querer coñecer os distintos modelos de produción de diversos países cunhas políticas diferentes e con outras formas de traballar, diferentes tamaños e diferentes formas de ver as vacas de leite.

Cantos países membros hai?

A EDF está formada por membros de 22 países de Europa. Ademais, tamén compartimos datos cun grupo do Canadá, uns 20 gandeiros interesados no que facemos, que comparten os seus datos e asisten aos congresos anuais regularmente.

Como está conformada a EDF en España?

En EDF España a maioría somos gandeiros galegos, aínda que hai tamén un grupo catalán, que están dentro do Observatorio Lácteo de Cataluña. Somos 17 gandeiros neste momento.

Que vantaxes achega a EDF aos seus integrantes?

A principal vantaxe de ser membro é compartir información e aprender un pouco das fortalezas e debilidades de cada explotación, tamén coñecer produtos novos, o *networking*, intentar falar con xente, coñecer a opinión do resto sobre calquera produto ou as innovacións que facemos nas granxas, especialmente nestas horas do mundo da información rápida, da informática... Hai moitas cousas que tratamos con moito interese.



Pablo Carro Mosquera
Coordinador do Congreso EDF 2018

► “CADA PAÍS TEN UNHA SITUACIÓN ESPECIAL DE PRODUCCIÓN, SEMPRE SE TRATAN ESAS ESPECIFICIDADES MÁIS A FONDO E OS TEMAS MÁIS ACTUAIS QUE INTERESAN A TODOS OS MEMBROS DA EDF”

Que é o Congreso EDF 2018?

É o evento máis importante do club EDF. É un congreso de tres días que vai rotando por cada país de Europa, por cada país membro. Durante ese evento xúntanse uns 400 congresistas, a maioría membros da EDF e gandeiros, aínda que tamén algúns técnicos. Entre os temas tratados, o primeiro e principal é a comparación de custos de produción e os modelos produtivos de cada país. Outro é tratar os temas de actualidade máis relacionados coas circunstancias do país do congreso. Cada un ten unha situación especial de produción, entón, sempre se tratan esas especificidades un pouco máis a fondo, as características propias do lugar e os temas máis actuais que interesan a todos os membros da EDF.

É a primeira vez que se celebra en España?

Si, o Congreso da EDF deste ano é a primeira vez que chega a España. A organización española vaino organizar por primeira vez. Estivo rotando por varios países pero aquí aínda non se fixera, a pesar de levar moitos anos sendo membros. É a primeira vez que vén e vai ser en Galicia, concretamente en Santiago de Compostela.

Cales son os obxectivos do Congreso?

O Congreso ten unha parte máis teórica, que se basea nunha serie de reatorios nun sitio fixo, que este ano

vai ser o Palacio de Congresos de Santiago, e outra parte máis práctica, que son visitas ás granxas. O primeiro día vaise dedicar á parte teórica e o segundo e o terceiro haberá un pouco de teoría no Palacio de Congresos, uns *workshops*, uns talleres moi técnicos onde se van tratar temas moi específicos, e as visitas ás granxas. Nesta ocasión imos dar a coñecer oito granxas moi representativas do sector lácteo produtor de Galicia, os seus custos e os seus modelos de produción. Todos os congresistas van visitar, polo menos, catro granxas.

Que nos podes adiantar dos temas principais do Congreso 2018?

O lema deste ano é “Let’s walk in the milky way together”, facendo un xogo de palabras con “milky way”, en castelán Vía Láctea, e a forma inglesa de coñecer o Camiño de Santiago, “The Way”.

En canto á temática deste Congreso 2018 debo insistir en que o tema principal é común a todos os congresos, compartir o modelo e os custos de produción. Imos comparar o de aquí co do resto de Europa, facendo énfase nas nosas circunstancias, e, despois, imos falar a fondo do sector lácteo galego e do español e situálos dentro de Europa para explicar ben as características de Galicia, de España e do seu marco europeo. Tamén trataremos a produción sen antibióticos e como comunicarlle iso ao consumidor; como mellorar o benestar animal e como transmitirle esas melloras ao noso público final, e tamén imos falar de novas tecnoloxías aplicadas ao sector, algo que abordamos todos os anos e, se cabe, este aínda máis, como aplicar as novas tecnoloxías para mellorar a eficiencia e os rendementos sen prexudicar a calidade do noso produto.

Como se pode participar no Congreso?

Unha participación alta corresponde xa aos propios membros dos distintos países que adoitan acudir a este evento e, despois, hai unha asistencia máis pequena que adoita ser xente do país anfitrión, neste caso de Galicia e de España, gandeiros ou técnicos que non son membros do club pero que consideran unha boa oportunidade ter un Congreso destas características próximo e poder coñecelo de primeira man. Toda aquela persoa interesada xa se pode anotar a través da web www.dairyfarmer.net dende o 1 de marzo. ■